



ANUNCIO Nº4 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA Á SELECCIÓN DE 1 TECNICO MEDIO PARA ATENCION DO CENTRO DE INTERPRETACION DOS MUIÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE 2026. RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO. EXPEDIENTE: 2026/E001/000004.

A Laracha, 27 de maio de 2026

Sendo as 10.40 horas, os/as integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo de 1 técnico medio para atención do centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte 2026, reúnen no edificio do Viveiro de empresas do Concello A Laracha, para a confección dos resultados do proceso selectivo.

O Secretario do Tribunal indica que non constan presentadas alegacións contra os resultados da fase de oposición, polo que se elevan a definitivas as puntuacións outorgadas.

RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO

A continuación o Tribunal procede á confección dos resultados do proceso selectivo -concurso oposición- de conformidade coa base 8º da convocatoria (aprobada por Resolución da alcaldía núm. 457/2026 de 8 de abril de 2026) totalizando as puntuacións das fases de concurso e de oposición; á confección do listado coa persoa aprobada por orde de puntuación; e a confección da bolsa de traballo para posibles substitucións co resto de aspirantes aprobados, que de acordo coas bases 9º e 10º da convocatoria serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal, e elevaranse á alcaldía para a contratación como persoal laboral temporal:

Resultados do concurso-oposición do proceso de 1 técnico medio para atención do centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte 2026:

APELIDOS	NOME	Puntuación Fase Oposición	Exento proba galego por ter Celga 4	Puntuación Fase Concurso	PUNTUACION TOTAL CONCURSO-OPOSICION
ALVAREZ COBIAN	OLALLA	21.875	SI	4	25.87
FUENTES LORENZO	MARIA CRISTINA	19.250	SI	3.90	23.15
HUERTAS GOMEZ	CRISTINA	Non apta	SI	4.70	--
MENDEZ CORES	EVA	15.50	SI	3.90	19.40
RAMA CASTIÑEIRA	ALBA	23.88	SI	3	26.88
VARELA MONTES	ANA MARIA	18	SI	11	29

Listado da persoa aprobada por orde de puntuación no proceso de 1 técnico medio para atención do centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte 2026:





1ª. Ana María Varela Montes (29 ptos).

Conforme a base 11ª da convocatoria, a persoa aspirante proposta deberá presentar, no prazo de (3) TRES DÍAS HÁBILES, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. *Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer):*

a. *Aceptación expresa do posto*

b. *Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.*

c. *Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.*

d. *Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.*

2. *Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.*

3. *Xustificación do número de afiliación á seguridade social*

4. *Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais*

5. *Acreditación documental da veracidade dos méritos e titulación previstos nas bases de selección, se fora necesario.*

6. *Modelo 145 AEAT cuberto e asinado*

Listado de bolsa de emprego para posibles substitucións persoal técnico medio para atención do centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte 2026:

1ª. Alba Rama Castiñeira (26.88 ptos)

2ª. Olalla Alvarez Cobian (25.87 ptos)

3ª. María Cristina Fuentes Lorenzo (23.15 ptos)

4ª. Eva Mendez Cores (19.40 ptos)

O Secretario do Tribunal

